

# Atlas Galego da Empresa Comprometida

GALICIA SMART BUSINESS

EDGalicia
economíaDigital
galicia.economiadigital.es

**Atlas Galego da Empresa Comprometida**
***Galicia Smart Business***
**Ano 2020**

**Director Economía Digital Galicia**
Julián Rodríguez

**Dirección técnica**
Marcelino F. Mallo

**Dirección de desenvolvemento**
Virgilio Costas

**Redacción Economía Digital Galicia**
Cristina Díaz Pardo
Javier García Casco
Rubén Rodríguez

**Equipo técnico, deseño e comunicación**
Ana Sanjuás (Táctica y Estrategia de Comunicación)
Andrea Pérez Mosquera (Táctica y Estrategia de Comunicación)

**Edita:**
**Economía Digital de Galicia S.L.** B70325923
Rúa Alcalde Puga y Parga 2, planta 1 15006 - A Coruña
Rexistro Mercantil de A Coruña. Folla C-48412, Tomo 3446 Folio 40

**Imaxes:** Banco de imaxes Freepik

Atlas Galego da Empresa Comprometida
GALICIA SMART BUSINESS

**PATROCINADORES GALICIA SMART BUSINESS:**

COPASA · Hijos de Rivera S.L. Corporación · Cortizo · Gadisa · Luckia · SYCA Retail Services

EDGalicia economíaDigital

# Índice

**Que é o *Atlas Galego da Empresa Comprometida*** **04**

**Empresas participantes no AGEC** **06**

**Metodoloxía** **08**

**Conclusións xerais do AGEC** **14**

**Compromiso xornalístico** **17**
Julián Rodríguez. Director de Economía Digital Galicia

**A empresa comprometida** **18**
Marcelino Fernández Mallo. Economista e consultor

**Transparencia, moita máis transparencia** **19**
Virgilio Costas. Socio director de Táctica y Estrategia de Comunicación

**Categoría *Bo goberno*** **20**

- A1: Política ética
- A2: Pacto Mundial da ONU
- A3: Transparencia activa
- A4: Transparencia económico-financeira
- Resultados categoría *Bo goberno*

**Categoría *Medio ambiente*** **30**

- B1: Certificacións medioambientais
- B2: Gasto anual en protección ambiental
- B3: Control emisión gases efecto invernadoiro
- B4: Evolución emisión gases efecto invernadoiro
- B5: Uso fontes de enerxías renovables
- B6: Pegada plástica
- Resultados categoría *Medio ambiente*

**Categoría *Contorna*** **40**

- C1: Peso provedores galegos
- C2: Peso personal en Galicia
- C3: Participación social
- C4: Cultura e lingua autóctonas
- C5: Investigación e desenvolvemento
- Resultados categoría *Contorna*

**Categoría *Persoas*** **48**

- D1: Incremento persoas ano
- D2: Gasto de persoal
- D3: Formación
- D4: Estabilidade
- D5: Igualdade
- D6: Persoas con discapacidade
- Resultados categoría *Persoas*

**Análise das empresas participantes** **58**



# Que é o Atlas Galego da Empresa Comprometida

***O Atlas Galego da Empresa Comprometida (AGEC) nace co fin de contribuír á competitividade das empresas galegas dentro dos parámetros de sustentabilidade que establece a estratexia da Unión Europea e a propia tendencia das economías do planeta. Como ferramenta útil para a toma de decisións, tamén axudará á definición dunha política económica en Galicia.***

O **consumidor actual** está a requirir das empresas un posicionamento a favor do desenvolvemento local, da economía de proximidade, da economía circular, do coidado do medio ambiente e da complicidade na solución dos problemas que máis preocupan ás sociedades contemporáneas. Lonxe queda esa concepción da empresa como simple unidade de produción na busca do máximo beneficio a curto prazo. Tal formulación non ten cabida ante uns retos globais que esixen o decidido *Compromiso* daqueles que compoñen unha comunidade, isto é, cidadáns, empresas e institucións.

O AGEC busca a identificación das **actitudes nas empresas a favor deste *Compromiso*** pola solución colectiva dos grandes problemas que enfronta o ser humano, en xeral, e as cidadás e cidadáns de Galicia, en particular. Como veremos a continuación, desenvolve unha metodoloxía que resultará útil para calquera sector económico pois coloca as empresas fronte a eses desafíos fundamentais que temos como país e comunidade de individuos.

Imos deternos un intre no **concepto de Atlas**. O AGEC non quere ser un mero índice ou ranking máis. De feito, foxe dese concepto de *clasificación competitiva*. Delimita as variables estratéxicas e de xestión que permiten identificar as empresas cun maior compromiso cara ao desenvolvemento do país e destaca os exemplos positivos de cada categoría co fin de que sirvan de referencia para o resto de organizacións. Por iso é un Atlas, porque localiza e sitúa as empresas que demostran unhas mellores prácticas en cada terreo de estudo.

# Empresas participantes no AGEC



## Empresas participantes no AGEC

Para a elaboración do Atlas, realizouse unha **selección das empresas con domicilio fiscal en Galicia**, seguindo a **base de datos Ardán** correspondente ao ano 2018 sobre as 20.000 principais empresas galegas. Seleccionáronse aquelas sociedades ou grupos empresariais que rexistrasen unha facturación superior a 10 millóns de euros.

En total, remitiuse unha **invitación a participar a 570 empresas**, na que se solicitaba resposta a unha enquisa sobre as materias analizadas no Atlas. A petición de información envioúse ás empresas matrices e desbotáronse arredor de 200 sociedades que manteñen relación directa accionarial coas primeiras malia cumprir os criterios establecidos.

As **empresas participantes no AGEC** (listaxe en *Análise das empresas participantes*) suman unha **facturación global de 43.291 millóns de euros**, o que equivale ao 65,5% do PIB de Galicia (2019), e crean **238.906 empregos directos.**

| Empresas consultadas | Empresas participantes | Facturación global empresas participantes | Emprego directo empresas participantes |
|---|---|---|---|
| 570 | 60 | 43.291 M€ | 238.906 |

Entendemos que a propia resposta á enquisa representa en si mesma un *sinal de* ***compromiso*** *coa sociedade* pois demostra a vontade destas organizacións por compartir a información relevante así como a transcendencia que lle atribúen a exercicios públicos de escrutinio e análise.

# Metodoloxía



## Metodoloxía

A metodoloxía de análise e medición que expoñemos a continuación foi deseñada en **catro fases:**

- **Primeira fase:** identificación das variables representativas do compromiso das empresas cara á súa contorna. Estas variables pódense clasificar en atributos que representan distintos ámbitos da realidade que se pretende medir.

- **Segunda fase:** definición das categorías ou ámbitos nas que se poderían agrupar as variables a partir dunha natureza común.

- **Terceira fase:** elaboración duns índices que permitisen sintetizar a realidade medida a través das variables identificadas en primeira fase.

- **Cuarta fase:** toma de datos e detección das empresas máis comprometidas en cada categoría.

Establecéronse ademais **tres criterios fundamentais** a observar ao longo do proceso, que son os seguintes:

a. **Rigor na definición das variables:** as variables habían ser representativas da realidade que se quería identificar e estar acreditadas en termos de xestión no eido internacional.

b. **Modelo factible:** os datos a manexar deben ser de obtención sinxela e de tratamento semellante no conxunto das empresas valoradas que os faga comparables.

c. **Obxectividade no cálculo dos índices:** a orixe dos datos haberá ser de fontes fiables e comúns e as operacións que se realicen con eles non han permitir ningún tipo de retoque ou manipulación.



As **variables**, como representación das realidades máis significativas para a xestión comprometida dunha organización, constitúen o eixo principal sobre o que pivota o AGEC. Pódense clasificar en dúas clases:

- **Variables que se miden a través de atributos dicotómicos.** Cada atributo no que se clasifica a variable adopta unicamente dous valores, 0 (carece ou non cumpre) ou 1 (posúe ou cumpre). Nalgún caso introdúcese un valor intermedio 0,5.

- **Variables continuas.** Presentan un valor numérico dentro dun rango determinado. Para que o tratamento das cifras fose ecuánime e poder realizar o estudo entre entidades de tamaños diferentes, traballouse con magnitudes relativas usando ratios para estas variables e non cifras absolutas.

En total, definíronse **22 variables** cunha partición en **69 atributos**. Para o cálculo dos índices, cada atributo dicotómico adquire un valor 0-1 segundo se acaba de indicar. Para as variables continuas e salvo algunha excepción de menor incidencia, fíxase un intervalo de 0 a 4, introducindo valores negativos en caso das evolucións desfavorables á realidade que se pretende medir en cada caso. Os valores acumulados en cada categoría trasládanse a un rango de 0 a 100 que, finalmente, transfórmase nunha asignación de niveis representados por estrelas.

Para obter a información precisa en cada variable, accedeuse ao Rexistro Mercantil, ás memorias anuais e á información publicada pola empresa no seu sitio web; así mesmo circulouse unha enquisa para a recompilación dos datos que non figuraban nas fontes anteriores.



Somos conscientes de que hai empresas que, pola súa tipoloxía, pódense ver favorecidas ou prexudicadas respecto a algunha variable. O modelo de cálculo establecido garante unha análise ampla e diversa, desbota o efecto perturbador dos resultados de ningún atributo ou variable e asegura un peso equilibrado das realidades que compoñen o concepto de **Empresa Comprometida** definido no AGEC.

As **categorías** do *Atlas* articúlanse en torno ás variables previamente identificadas. Denominamos *Categoría* a cada unha das **catro áreas de estudo** nas que se divide o AGEC e que veñen a identificar o compromiso da empresa nos eidos seguintes:

| | |
|---|---|
| **Bo goberno** | **Medio ambiente** |
| **Contorna** | **Persoas** |

O tratamento matemático das variables de acordo ás fórmulas que se explicarán en cada apartado permite o cálculo duns **índices por categoría** que definen a síntese do **compromiso das empresas** en cada área de estudo.



Os **cálculos dos índices** atenden ás seguintes **fórmulas**:

## Índice da categoría A: *Bo goberno*

| | |
|---|---|
| **A1.** Política ética | Valor de 0 a 8 |
| **A2.** Pacto Mundial da ONU | Valor de 0 a 5 |
| **A3.** Transparencia activa | Valor de 0 a 7 |
| **A4.** Transparencia económico-financeira | Valor de 0 a 8 |

$$\textit{Índice A} = \left( \frac{\textit{Puntos (A2+A3)}}{13} + \frac{\textit{Puntos (A4+B5)}}{15} \right) x50$$

## Índice da categoría B: *Medio ambiente*

| | |
|---|---|
| **B1.** Certificacións medioambientais | Valor de 0 a 10 |
| **B2.** Gasto anual en protección ambiental | Valor de 0 a 4 |
| **B3.** Control emisión gases efecto invernadoiro | Valor de 0 a 3 |
| **B4.** Evolución emisión gases efecto invernadoiro | Valor de -4 a 4 |
| **B5.** Uso fontes de enerxías renovables | Valor de 0 a 4 |
| **B6.** Pegada plástica | Valor de 0 a 3 |

$$\textit{Índice B} = \frac{\textit{Suma puntos categoría B}}{28} x100$$

## Índice da categoría C: *Contorna*

| | |
|---|---|
| **C1.** Peso provedores galegos | Valor de 0 a 4 |
| **C2.** Peso persoal en Galicia | Valor de 0 a 4 |
| **C3.** Participación social | Valor de 0 a 4 |
| **C4.** Cultura e lingua propias | Valor de 0 a 4 |
| **C5.** Investigación e desenvolvemento | Valor de 0 a 4 |

$$\textit{Índice C} = \frac{\textit{Suma puntos categoría C}}{20} x100$$

## Índice da categoría D: *Persoas*

| | |
|---|---|
| **D1.** Incremento persoas ano | Valor de -4 a 4 |
| **D2.** Gasto persoal por traballador/a | Valor de 0 a 4 |
| **D3.** Formación | Valor de 0 a 4 |
| **D4.** Estabilidade | Valor de 0 a 4 |
| **D5.** Igualdade | Valor de 0 a 5 |
| **D6.** Persoas con discapacidade | Valor de 0 a 4 |

$$\textit{Índice D} = \frac{\textit{Suma puntos categoría D}}{25} x100$$

Finalmente, os índices trasládanse a unha definición de **niveis ilustrados por estrelas** de acordo coas seguintes **escalas**. Estas escalas parten dun nivel de compromiso mínimo establecido por cada categoría de modo que os seguintes niveis defínense en tramos de dez.

### Categoría A: *Bo goberno*

| | |
|---|---|
| 0-29,99 | **0 estrelas** |
| 30-39,99 | **1 estrela** ★ |
| 40-49,99 | **2 estrelas** ★★ |
| 50-59,99 | **3 estrelas** ★★★ |
| 60-69,99 | **4 estrelas** ★★★★ |
| 70 ou máis | **5 estrelas** ★★★★★ |

### Categoría B: *Medio ambiente*

| | |
|---|---|
| 0-14,99 | **0 estrelas** |
| 15-24,99 | **1 estrela** ★ |
| 25-34,99 | **2 estrelas** ★★ |
| 35-44,99 | **3 estrelas** ★★★ |
| 45-54,99 | **4 estrelas** ★★★★ |
| 55 ou máis | **5 estrelas** ★★★★★ |

### Categoría C: *Contorna*

| | |
|---|---|
| 0-29,99 | **0 estrelas** |
| 30-39,99 | **1 estrela** ★ |
| 40-49,99 | **2 estrelas** ★★ |
| 50-59,99 | **3 estrelas** ★★★ |
| 60-69,99 | **4 estrelas** ★★★★ |
| 70 ou máis | **5 estrelas** ★★★★★ |

### Categoría D: *Persoas*

| | |
|---|---|
| 0-19,99 | **0 estrelas** |
| 20-29,99 | **1 estrela** ★ |
| 30-39,99 | **2 estrelas** ★★ |
| 40-49,99 | **3 estrelas** ★★★ |
| 50-59,99 | **4 estrelas** ★★★★ |
| 60 ou máis | **5 estrelas** ★★★★★ |



# Conclusións xerais do AGEC

## Resumo executivo

Antes de afondar no estudo de cada categoría, expresaremos o que entendemos que son as conclusións xerais do *Atlas Galego da Empresa Comprometida* á vista dos datos das empresas participantes.

En primeiro lugar, observamos que o **compromiso das empresas** do AGEC difire notablemente de xeito que **non se pode establecer un patrón estratéxico común**. Hai empresas ou grupos cun comportamento destacable nas catro categorías, hai empresas ou grupos con bos datos nalgunha categoría e datos regulares noutras e tamén hai sociedades que amosan un reducido compromiso relativo ao longo do estudo.

Neste sentido, habemos incidir en que os resultados teñen o valor da confrontación entre a política empresarial e a realidade da comunidade na que se desenvolven. A visión sempre será relativa: haberá quen pense que se pode facer máis e quen opine que a contribución desta ou aquela empresa abonda. En calquera caso, si se detectan uns maiores niveis de compromiso nas empresas ou grupos de maior tamaño, e iso malia matizar a dimensión mediante medidas relativas como son os ratios. Entendemos que a dispoñibilidade, cando menos teórica, de medios axuda.

Expresado o antedito e atendendo á acumulación de estrelas, Abanca ocuparía en solitario o primeiro caixón dun podio hipotético, con 15 estrelas sobre un máximo de 20. No seguinte caixón figurarían a Corporación Hijos de Rivera, propietaria da marca Estrella Galicia, o Grupo Inditex e a empresa pública Sogama. Nun terceiro caixón estarían BorgWarner, Congalsa, Gadisa, Greenalia, o Grupo Gestán e o Hospital Povisa.

Unha análise conxunta fai pensar que **a empresa galega ten unha marxe ampla para mellorar** e potenciar o seu posicionamento fronte ás categorías definidas no AGEC. Vemos, por exemplo, coma arredor do 30% das empresas ou grupos participantes non adoptan practicamente ningún dos criterios definidos no *Atlas* en termos de ética e transparencia.

Observamos con preocupación tamén como arredor do 60% das sociedades do AGEC non acadan un hipotético valor de "aprobado" (dúas estrelas) en **materia medioambiental**, con amplo espazo de intervención en aspectos específicos coma o control das emisións de gases efecto invernadoiro, o tratamento de residuos ou o uso do plástico.

Na categoría de **relación coa contorna**, estímase que hai espazo para incrementar a relación con provedores galegos e sen dúbida para aumentar de xeito notable o investimento en I+D; os recursos dedicados á investigación representan o máis robusto elemento de competitividade dunha economía. Debe valorarse positivamente a favorable disposición aparente para a interacción con institucións da sociedade civil ao tempo que lamentarse o escaso valor que as empresas do *Atlas* lle atribúen á cultura e á lingua autóctonas como factor de diferenciación e integración coa súa contorna próxima.

Finalmente, identificamos unha **posición heteroxénea das empresas** do AGEC ante as **persoas que conforman a súa organización**, cun grupo relevante atento a eliminar ás diferencias de xénero e implantar políticas de integración e conciliación fronte a outro grupo de magnitude similar que non parece atribuír a estas cuestións a transcendencia social que merecen.

Tras este repaso de carácter xeral, que nos aproxima as conclusións que se poden extraer deste primeiro *Atlas Galego da Empresa Comprometida*, cómpre entrar na análise polo miúdo de cada categoría.

Por categorías, dentro do capítulo dedicado a "Bo Goberno" constatamos que o 83% das empresas analizadas contan cun código ético de aplicación para toda a organización, pero non chegan a unha de cada dez as que presentan certificacións acreditadas por institucións internacionais relacionadas coa xestión ética. Practicamente o 40% das empresas do *Atlas* están adheridas ao Pacto Mundial da ONU, aínda que en distinta medida.

Contrastes na categoría de "Medio Ambiente". A metade das empresas declaran que parte da enerxía que precisan para a súa actividade procede de fontes renovables. Con todo, só o 32% calcula o gasto en protección ambiental. Seis de cada dez aseguran contar cun plan de redución de plásticos non reciclables.

O peso dos provedores galegos, a I+D, o persoal situado en Galicia e a participación e implicación na sociedade civil son algúns dos elementos que conforman a categoría de "Contorna". Un 77% das empresas manifesta ter relacións comerciais con provedores galegos. E son 25 as compañías que contan coa totalidade do seu persoal non comercial radicado en Galicia.

O capital humano e o seu desenvolvemento conforma a categoría de "Persoas." A estabilidade laboral, a igualdade ou a contratación de persoas con discapacidade son analizados e postos en valor neste capítulo. Tamén o incremento da contratación, que en 2019 foi de algo máis dun 6% para o conxunto das empresas do *Atlas*.

# Compromiso xornalístico

**Julián Rodríguez**
Director de Economía Digital Galicia

Unha obra axitou a cultura empresarial norteamericana ás portas dos noventa. Aquilo serviu para proxectar luz sobre unha densa penumbra e tivo unha influencia que chega ata os nosos días. O seu autor era Herbert Schmertz, executivo do negocio petroleiro. *O silencio non é rendible: o empresario fronte aos medios de comunicación* contribuíu de forma determinante a modificar certos hábitos nas empresas en canto á súa relación coa contorna. Aquel cambio cultural nas estruturas económicas que implicaba grandes doses de transparencia tardou anos en chegar a Galicia. E aínda hoxe non está do todo consolidado. Nin moito menos. Por este motivo cobra máis valor o Atlas Galego da Empresa Comprometida.

Nunha clara e explícita mostra de compromiso xornalístico, Economía Digital Galicia dá un paso máis nos seus proxectos de diversificación e aposta pola análise desde unha nova perspectiva, complementaria á nosa actividade diaria, que é a información económica. O obxectivo, ambicioso, non é outro que analizar o compromiso das empresas galegas máis aló dos recorrentes informes de Responsabilidade Social Corporativa, unha cesta na que, con excepcións, comeza a caber de todo.

Co Atlas Galego da Empresa Comprometida, a proposta de Economía Digital Galicia é dobre. Por unha banda, analizamos a responsabilidade e implicación das empresas galegas desde catro prismas complementarios, e facémolo de forma premeditadamente decidida: o bo goberno, o medio ambiente, a contorna e as persoas. Doutro, poñemos en valor esa mostra de compromiso que supón para as empresas o simple feito de participar no Atlas e someterse de forma voluntaria a un sisudo escrutinio por parte do equipo que conformou Economía Digital Galicia para esta ocasión, integrado tanto por economistas como por xornalistas.

Neste proxecto, que nace ao abrigo de Galicia Smart Business, un paraugas amplo e co foco posto na economía galega e os seus protagonistas, optamos por fuxir das simples comparacións, das 'clasificacións' ao uso, e decidimos transitar por outra verea ben distinta, a do contraste de datos e posta en valor dun compromiso indubidablemente dispar, con claros biorritmos, pero decidido na maioría dos casos para as empresas que participan no proxecto, unhas sesenta compañías grandes e medianas, todas elas con domicilio social e fiscal en Galicia.

Con rigor cirúrxico, non exento de riscos ao tratarse dunha proposta en boa medida inédita, Economía Digital Galicia complementa así a súa oferta xornalística cun novo proxecto, o Atlas Galego da Empresa Comprometida, que se suma a outras iniciativas postas en marcha este mesmo ano baixo a marca Galicia Smart Business. É o caso dos Observatorios de ED Galicia, esta vez cunha formulación audiovisual a través de debates e entrevistas, que reforzan a proposta informativa habitual do equipo de Economía Digital Galicia. Sen dúbida, tanto nun como noutro caso, os Observatorios de ED Galicia e o Atlas Galego da Empresa Comprometida, trátase doutra mostra de compromiso con Galicia. Esta vez, xornalístico.

Por último, a análise que teñen nas súas mans, que nace con vocación de continuidade, tamén é un exercicio de valentía. Ao tratarse dun proxecto nada convencional, que escapa dos lugares comúns da RSC, o Atlas é a suma dun esforzo colectivo, o do equipo de Economía Digital Galicia e os seus analistas e colaboradores. Pero tamén foron valentes as empresas que se brindaron a participar e aqueloutras que creron no proxecto e apoiárono, dentro dese concepto que é Galicia Smart Business. Co Atlas Galego da Empresa Comprometida, Economía Digital Galicia tamén aspira a cubrir un oco na análise da economía real, a dos seus protagonistas: as empresas.



# A empresa comprometida

**Marcelino Fernández Mallo**
Economista e consultor

Antes de que Adam Smith ditase o seu popular tratado "A riqueza das nacións", o proteccionismo era a idea predominante en materia económica. Por aquel entón, a acumulación de ouro e prata adoptábase como o mellor indicativo da prosperidade dunha nación. Adam Smith cambiou por completo esta visión reducionista da economía e conseguiu convencer ao mundo económico de que o progreso dunha nación descansaba no exercicio do libre mercado e na maximización da produtividade.

Tiveron que pasar douscentos anos para actualizar a teoría do economista escocés. Foi o norteamericano Michael Porter quen estudou os factores que afectan á prosperidade das nacións e argumentou, na súa igualmente popular "Vantaxe competitiva das nacións", que a clave para o progreso dunha economía radicaba na súa capacidade constante para innovar e para facelo, idealmente, ao longo da cadea de valor de cada sector.

Porter difundiu os seus achados principalmente durante os anos 90. Nesa década, empezouse a popularizar o concepto de RSC ou Responsabilidade Social Corporativa. Unha nova corrente de opinión tentou convencer aos axentes económicos dun cambio de orientación na dirección das empresas. Estas deberían dar un paso alén da procura da competitividade e o beneficio para asumir un grao de responsabilidade respecto da evolución da comunidade onde desenvolvían as súas actividades.

A RSC, debemos dicilo abertamente, non se xestionou sempre dun modo leal ao que quixo significar nos seus comezos. Con demasiada frecuencia, entendeuse como unha mera ferramenta do marketing cando non coma un elemento máis da comunicación pública da empresa. En lugar de transformar as estratexias, limitouse a representar un exercicio anual de presentación de contas, pouco máis.

Así como existen no mundo institucións e sistemas encamiñados a ofrecer unha visión comparada da competitividade das economías nacionais (o *World Competitiviness Report* do World Economic Forum, por exemplo), non resulta fácil atopar un mapa da transcendencia real que ostenta a RSC na estratexia e devir das empresas dunha economía. Talvez sexa esa indefinición abstracta, valla o pleonasmo, da RSC o que empeceu a elaboración dun estudo comparado da súa vixencia e grao de implantación.

O nivel de desenvolvemento dunha economía pódese avaliar tamén en función das súas ferramentas de análises e escrutinio. Velaí o valor do Atlas Galego da Empresa Comprometida que presentamos neste documento. *Economía Digital* non só asumiu o reto de debuxar o mapa da RSC no país senón tamén profundou no seu significado e ampliouno ate darlle un sentido de Compromiso. O AGEC avalía xustamente ese compromiso da empresa galega respecto da súa comunidade de orixe: Galicia. Eis a súa importancia crítica para o noso presente e, sobre todo, para o noso futuro.





# Transparencia, moita máis transparencia

**Virgilio Costas**
Socio director de Táctica y Estrategia de Comunicación

A crise financeira de 2008 provocou un profundo debate social sobre o modelo de capitalismo vixente que causara unha gran recesión económica e social. Os cidadáns, vítimas dun sistema que maximizaba o beneficio custe o que custe, preguntáronse se esa era a mellor resposta para lograr unha sociedade de progreso e máis igualitaria, cun compromiso social e respectuosa co medio ambiente.

A resposta foi evidente. Desde entón, os cidadáns, os consumidores —"o mercado", en definitiva— volvéronse máis esixentes e comezaron a demandar ás empresas e aos Gobernos, cada día con máis intensidade, comportamentos e actuacións comprometidos coa sociedade.

Os gobernos e reguladores da nosa contorna económica, a partir da Directiva 2014/34UE, avanzaron na aprobación de leis e normas que regulan a divulgación de información non financeira para identificar riscos para mellorar a sustentabilidade e aumentar a confianza dos investidores.

En 2015, a Asemblea da ONU aprobou a Axenda 2030 que establece os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) para a erradicación da pobreza mediante un desenvolvemento sostible. A Comisión Europea, pola súa banda, orientou as súas axudas financeiras (*European Green Deal* e *Next Generation*) para lograr unha Europa climáticamente neutra no ano 2050.

O compromiso co bo goberno, coa protección ambiental e coa sociedade é un camiño que todas as empresas —grandes, pequenas e medianas— deben percorrer desde xa. Non é unha moda ou tendencia. É unha estratexia necesaria para achegar valor ás compañías, porque as marcas comprometidas son as que máis se diferencian xerando valor para os accionistas. É un círculo vicioso positivo.

Por iso, é imprescindible implantar medidas que permitan medir o compromiso no cumprimento de ESG (*Environmental, Social, and Governance*, pola súa denominación en inglés), porque é o único modo de demostrar aos grupos de interese e a sociedade en xeral os esforzos de cada unha das empresas para responder o propósito declarado.

Tan importante como aplicar as medidas é que estas se poidan medir con sistemas recoñecibles, autorizados polo conxunto da sociedade (normas ISO, certificados de organismos externos autorizados, etc.) e comunmente admitidos para que xeren confianza na empresa. Trátase de que os grupos de interese recoñezan (identifiquen e valoren) as accións desenvolvidas. Pero tamén é transcendental implementar unha política de transparencia, para que todos os esforzos sexan coñecidos. Primeiro facer, aplicar medidas, e despois compartilas coa sociedade.

O Atlas Galego da Empresa Comprometida é un esforzo de investigación e prospección analítica desenvolto por Economía Digital Galicia para poñer en valor os esforzos realizados polas principais empresas galegas, un proxecto que permite identificar e medir o compromiso coa contorna, o medio ambiente, o bo goberno e as persoas.

Sen dúbida, contribuirá a mellorar a reputación das compañías que participaron no estudo, e tamén a percepción que os grupos de interese poidan ter delas. Tal vez non figuren todas as que son empresas comprometidas, pero tan importante como facer é que se coñezan os feitos e, socialmente, se recoñezan. Por tanto, o ecosistema empresarial galego necesita máis transparencia, moita máis transparencia.

# BO GOBERNO

## Metodoloxía e resultados

# Atlas Galego da Empresa Comprometida

GALICIA SMART BUSINESS



## Categoría “Bo Goberno”

Entendemos por “Bo Goberno” nunha organización un xeito de dirixir e facer que, alén do beneficio empresarial, persiga o interese xeral das comunidades onde desenvolve as súas actividades e observe principios de comportamento modélicos en termos de ética, transparencia, cumprimento da lei e participación dos problemas máis transcendentes que afectan á sociedade e, en especial, aos seus clientes.

Para o estudo da categoría “Bo Goberno”, identificamos catro variables a través das cales se poderá avaliar o compromiso da empresa neste ámbito. Estas variables son as seguintes:

| Bo goberno | |
|---|---|
| | **A1.** Política ética |
| | **A2.** Pacto Mundial da ONU |
| | **A3.** Transparencia activa |
| | **A4.** Transparencia económico-financeira |

### A1: Política ética

Establécese o nivel no cal **a ética está presente na estratexia da organización**. De acordo coa *European Business Ethic Network*, enténdese por ética a aplicación dunhas “prácticas nas que se implican as normas e valores dos individuos, das empresas e da sociedade”. Para a súa medición, recórrese ao **atributos** dicotómicos seguintes:

- Existencia dun código ético de común coñecemento por parte da organización
- Implantación de procesos e/ou ferramentas para o seguimento do grao de cumprimento do código ético
- Implantación de procesos específicos de prevención da corrupción no seo da empresa
- Posesión do certificado acreditativo de cumprir a Norma SA8000 (*Social Accountability*)
- Posesión do certificado acreditativo de cumprir as normas do SGE21 (*Sistema de Gestión Ética*)

- Posesión do certificado acreditativo de cumprir a Norma ISO 37001 (*Sistema de Gestión Antisoborno*)
- Posesión do certificado acreditativo de cumprir OHSAS18001 (*Sistema de Gestión de la Seguridad Laboral*)
- Posesión do certificado acreditativo de cumprir as normas da *Fair Trade Certification*

## A2: Pacto Mundial da ONU

Ao incorporar esta variable ao AGEC, preténdese poñer de manifesto a observancia por parte da organización dos **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible** definidos no contexto da Axenda 2030. Neste sentido, defínense **cinco niveis de compromiso**:

- A empresa está a tramitar a súa adhesión ao Pacto Mundial ou teno previsto nos vindeiros meses
- A empresa está adherida ao Pacto Mundial da ONU como Socio *Signatory* (sen cota anual)
- A empresa realiza cada ano o informe COP (Comunicación de Progreso) informando sobre as medidas derivadas da súa adhesión ao Pacto Mundial
- A empresa implantou o nivel avanzado no COP (GC: Global Compact Avanzado)
- A empresa está adherida ao Pacto Mundial da ONU como Socio *Participant* (con cota anual)

## A3: Transparencia activa

O AGEC asimila o concepto de **Transparencia activa** que se esixe aos organismos públicos respecto á súa **estratexia, recursos e persoas**. Adóptanse os seguintes **atributos** contidos no indicador *INDEP de Transparency International España* segundno se a empresa publica:

- Os curriculum vitae dos membros do consello de administración e do comité directivo ou órgano equivalente (0,5 en caso de información parcial)
- As retribucións dos membros do consello de administración e do comité directivo ou órgano equivalente así como as indemnizacións previstas por abandono do cargo (0,5 en caso de información parcial)

- A distribución do persoal por destinos, sexo, grupos de idade e categorías
- O plan estratéxico e os plans e programas anuais e plurianuais (0,5 en caso de información parcial)
- O inventario actualizado do seu patrimonio
- Se aplica nos seus Informes públicos os estándares internacionais GRI (*Global Reporting Initiative*)
- Finalmente, se existe no sitio web da empresa un servizo para canalizar as consultas, suxestións e as reclamacións de calquera cliente ou axente social. Este elemento considérase un factor máis de transparencia por canto supón unha canle de comunicación directa a disposición de quen desexe utilizala.

## A4: Transparencia económico-financeira

A partir da mesma asimilación que se indica na variable anterior, aplícase a avaliación neste caso á **información financeira que a empresa fai pública.** Esta variable avalíase a partir dos **atributos** seguintes. Asígnase valor 0 cando non se publica ningunha información, 0,5 cando se publica información parcial e 1 cando se fai pública a maioría da información relevante de cada aspecto, isto é:

- Información detallada sobre a estrutura de dominio ou propiedade da empresa
- Os estados financeiros completos da empresa, incluíndo a memoria anual, así como do grupo consolidado no seu caso con acceso á información das filiais
- Os informes de auditoría e de control financeiro ou de fiscalización emitidos por órganos externos á empresa
- Unha previsión de balance e da conta de resultados do vindeiro exercicio
- Información sobre custos, ingresos e resultados dos distintos servizos, actividades ou liñas de negocio da empresa
- Principais investimentos do exercicio contable incluíndo as operacións consideradas Investimento Social Responsable
- Subvencións e axudas recibidas de toda institución de carácter público
- Os contratos e concesións recibidas de toda institución de carácter público

## Resultados Categoría "Bo Goberno"

De acordo cos resultados do AGEC, as empresas galegas da dimensión contemplada no estudo presentan unha preocupación manifesta por manter unha xestión ética. O **83% das empresas** participantes declaran ter **implantando un código ético**; o 78% realizan un seguimento periódico do seu cumprimento. Ademais, un 80% das empresas implantaron procesos específicos de prevención de corrupción e estafa.

### Xestión ética




Esta preocupación inicial, sen embargo, apenas ten reflexo en **certificacións acreditadas por institucións internacionais** pois **unicamente un 8% contan con algunha das contempladas** no estudo.



## Certificacións acreditadas




Outro indicador significativo resulta a participación do 39% das empresas do AGEC no **Pacto Mundial da ONU** de modo que estas compañías se comprometen cos obxectivos de ética, xustiza, coidado do medio e redución das desigualdades contempladas no pacto. O 23% das empresas do AGEC asumen a condición de Socio *Signatory*, sen cota anual, e o 16% a de Socio *Participant*, con cota anual e maior compromiso no seguimento dos obxectivos.

## Aplicación do Pacto Mundial



Contemplando de modo conxunto as dúas variables anteriores, atopamos que Grupo Calvo e Wind1000 alcanzan o máis alto nivel de compromiso entre as empresas do AGEC, con Grupo Servicio Móvil, Congalsa, Abanca e Inditex inmediatamente detrás.

Respecto á variable que denominamos **"Transparencia activa"**, habemos subliñar os datos seguintes:

- Unicamente un 7% das empresas publica os curriculum vitae dos membros do consello de administración e comité directivo.
- Unicamente o 13% publica o plan estratéxico e/ou plans plurianuais
- O 50% conta cun servizo organizado de atención ao cliente o cal implica unha predisposición positiva da metade das empresas a estudar e responder as inquedanzas expresadas por iniciativa do cliente ou calquera cidadán
- A práctica totalidade publican a información do persoal por categorías, xénero, idade e categorías e así mesmo case tódalas empresas publican detalle do patrimonio

**Transparencia activa das empresas**



**7%**
A empresa publica curriculum vitae dos membros do consello de administración e do comité directivo

**13%**
A empresa publica o plan estratéxico e os plans programas anuais e plurianuais

**50%**
Existe no sitio web da empresa un servizo para canalizar as consultas, suxestións e reclamacións de calquera cliente ou axente social

**97%**
A empresa publica a distribución do persoal por destinos, sexo, grupos de idade e categorías profesionais

En canto á **transparencia económico-financeira**, a situación xeral ponse de manifesto á vista das seguintes cifras:

- Unicamente un 12% publica a previsión de estados financeiros para o seguinte exercicio
- Un 52% das empresas detallan os principais investimentos do exercicio incluíndo os recoñecidos como "Investimentos Sociais Responsables"
- Un 65% das empresas publica detalle dos contratos asinados e concesións recibidas de institucións públicas e un 83% as axudas ou subvencións recibidas da administración pública
- O 95% das compañías participantes publica informe de auditoría emitido por empresa externa
- Por último, subliñamos que un 38% das empresas seguen nos seus informes públicos o estándar internacional GRI

**Transparencia activa das empresas**



**65%**

A empresa publica os contratos e concesións recibidas de toda institución de carácter público



**95%**

A compañía publica informes de auditoría e de control financeiro emitidos por empresas externas




**38%**

A empresa aplica nos seus informes públicos os estándares internacionais GRI *(Global Reporting Initiative)*



**83%**

A empresa publica as subvencións e axudas en xeral recibidas de toda institución de carácter público



**68%**

A empresa publica as retribucións do consello de administración e do comité directivo así como as indemnizacións por cese



**98%**

A empresa publica o inventario actualizado do seu patrimonio

## Transparencia activa das empresas



**90%**

A compañía publica información detallada sobre a estrutura de dominio ou propiedade da empresa



**86%**

A empresa publica os seus estados financeiros completos, incluindo memoria anual, así como do grupo consolidado

Respecto a **transparencia**, as empresas do AGEC que máis destacan polo seu compromiso son Abanca e o R.C. Deportivo, con Sogama, Greenalia, Nueva Pescanova e Inditex a continuación.

Na seguinte **listaxe** expóñense as empresas ou grupos que alcanzan cando menos tres estrelas de compromiso na categoría de "Bo Goberno" a partir das variables "Política ética", "Pacto Mundial ONU", "Transparencia activa" e "Transparencia económico-financeira" que acabamos de repasar:

| | Nome | Estrelas |
|---|---|---|
| **1.** | Abanca | |
| **2.** | Inditex | |
| **3.** | Gadisa | |
| **4.** | Greenalia | |
| **5.** | Nueva Pescanova | |
| **6.** | Real Club Deportivo, S.A.D. | |
| **7.** | Grupo Calvo | |
| **8.** | Gesuga | |
| **9.** | Sogama | |
| **10.** | Congalsa | |
| **11.** | Hospital Povisa | |
| **12.** | Grupo Servicio Móvil | |
| **13.** | Eleko Galicia | |
| **14.** | Coreti | |
| **15.** | Bolton Food | |
| **16.** | Groupe PSA Centro de Vigo | |
| **17.** | Corporación Hijos de Rivera | |
| **18.** | DomusVi | |
| **19.** | GKN Driveline | |
| **20.** | Real Club Celta, S.A.D. | |
| **21.** | Wind1000 Services | |

# MEDIO AMBIENTE

## Metodoloxía e resultados

# Atlas Galego da Empresa Comprometida

GALICIA SMART BUSINESS



## Categoría "Medio Ambiente"

Na **categoría "Medio Ambiente"** queremos avaliar a política que observan as empresas galegas na súa **relación co medio natural no que desenvolve a actividade**. O chamado "Medio Ambiente" representa o fogar do ser humano, o espazo onde vivimos e convivimos. O medio atópase nunha situación de deterioro especialmente grave nos últimos anos que pon en perigo a nosa forma de vida, a nosa saúde e o noso benestar. As empresas, en especial aquelas cun maior potencial de impacto nos recursos naturais, teñen a obriga de contribuír ao coidado do medio e á reposición do seu estado ate niveis óptimos e exentos de risco tanto para o propio ser humano como para o conxunto de especies animais e vexetais.

A nivel global, organismos multilaterais como a ONU levan anos advertindo da transcendencia esencial da chamada **economía verde**. O Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente define a economía verde como *"aquela que dá lugar á mellora do benestar humano e a igualdade social, mentres se reducen significativamente os riscos medioambientais e a escaseza ecolóxica"*. A Unión Europea, pola súa banda, adoptou o ***Green Deal* ou Pacto Verde** como eixo e bandeira da súa política económica como quedou reflectido con nitidez nas condicións de acceso ao Fondo de Recuperación Económica. Calquera empresa con visión e vocación de futuro ten que asumir a sustentabilidade como un principio básico de actuación: este é un dos criterios fundamentais do AGEC.

Unha **empresa *sostible*** atende ó seu compromiso ante ás vindeiras xeracións actuando de xeito responsable respecto aos recursos básicos para a supervivencia. Conservar e protexer a natureza é hoxe en día unha obriga de todos. É preciso converter as instalacións empresariais en espazos sustentables, economizar recursos enerxéticos, aproveitar os recursos máis próximos, implantar principios da economía circular e xestionar os transportes con criterios ecolóxicos. Nesta liña, o AGEC identifica as seguintes variables de avaliación:

| | |
|---|---|
| **Medio Ambiente** | **B1.** Certificacións medioambientais |
| | **B2.** Gasto anual en protección ambiental |
| | **B3.** Control emisión gases efecto invernadoiro |
| | **B4.** Evolución emisión gases efecto invernadoiro |
| | **B5.** Uso fontes de enerxías renovables |
| | **B6.** Pegada plástica |

## B1: Certificacións medioambientais

Terse acreditado nalgunha ou nalgunhas das **múltiples certificacións medioambientais existentes** non é a única fórmula que asegura o respecto aos recursos e condicións naturais pero si supón un bo sinal de preocupación e implicación da empresa neste eido. O **AGEC identificou como atributos** dicotómicos (Si/Non) as **normas seguintes:**

- Certificado medioambiental específico do seu sector de actividade (ex. ISO 14061 Gestión Forestal)
- Etiqueta EU Ecolabel – EEE (Etiqueta Ecolóxica Europea) ou equivalente
- Certificación Norma ISO 14001 de Xestión ambiental
- Certificación Norma ISO 50001 de Xestión enerxética
- Certificación Norma ISO 14064 ou 14069 (Control emisións Gases Efecto Invernadoiro)
- Certificación do EMAS (Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría)
- Certificación Norma ISO 14046 de Pegada hídrica
- Certificado Residuo Cero
- Global EDP (Declaración Ambiental de Producto)
- GHG Protocol (*Green House Gas*) de Pegada de Carbono

## B2: Gasto anual en protección ambiental

Considérase o investimento mailo gasto corrente en xestión de residuos, xestión de augas residuais, protección do aire, clima, solos, radiacións, diminución do ruído e vibracións, I+D medioambiental e protección da biodiversidade e a paisaxe. O valor pode oscilar de 0 a 4 de acordo ao método seguinte:

- Calcúlase o ratio *Gasto anual en protección ambiental / Total facturación* de cada empresa.
- Tómase o máximo ratio do sector (1º díxito CNAE) da mostra de empresas
- O valor será: *(Ratio empresa / Máximo ratio sector da mostra de empresas) x 4*

Así pois, tense en consideración a diferencia entre sectores de xeito que, por exemplo, empresas industriais tenderán a realizar un gasto maior en protección ambiental que as empresas de servizos. Por ese motivo, a efectos da avaliación desta variable, se comparan empresas de sectores similares.

## B3: Control emisión gases efecto invernadoiro

Trátase do **rexistro e cuantificación** en equivalente a **toneladas $CO_2$ das emisións directas de gases efecto invernadoiro** provocadas pola organización na execución das súas actividades e procesos. Neste caso, o intervalo do valor varía de 0 a 3 segundo a seguinte parametrización:

- **0 puntos:** Non calcula a emisión de gases efecto invernadoiro
- **1 punto:** Si calcula a emisión de gases efecto invernadoiro
- **2 puntos:** Calcula a emisión de gases de efecto invernadoiro e ten un plan aprobado polos órganos de goberno da empresa para a súa redución
- **3 puntos:** O seu plan de redución de emisión de gases efecto invernadoiro está verificado por unha Institución oficial ou sociedade certificadora

## B4: Evolución da emisión de gases efecto invernadoiro

Utilízase o ratio *"(<Toneladas $CO_2$ 2019/Toneladas CO2 2018> – 1) x 100"* para medir o incremento ou decremento no último exercicio e opérase en función de dous supostos excluíntes:

- Tómanse as empresas con ratio negativo e calcúlase segundo a fórmula seguinte: *(Ratio da empresa / Mínimo ratio da mostra de empresas) x 4*. Os valores neste caso oscilarán entre 0 e 4.
- Tómanse as empresas con ratio positivo e calcúlase segundo a fórmula seguinte: *(Ratio da empresa / Máximo ratio da mostra de empresas) x (-4)*. Os valores oscilarán entre 0 e –4 (penalízase o aumento das emisións).

## B5: Uso fontes de enerxía renovables

Considérase a **porcentaxe do consumo enerxético da empresa** que procede de **fontes de enerxía renovables**. Tómase a máxima porcentaxe da mostra de empresas e o valor será: *(Porcentaxe empresa / Máxima porcentaxe da mostra de empresas) x 4.*

## B6: Pegada plástica

Tense en consideración o **volume de plástico non reciclado ou non reciclable** que utiliza a empresa ao longo da súa cadea produtiva. Empréganse tres atributos dicotómicos:

- Conta cun plan de redución de uso de plásticos non reciclados na empresa con obxectivos cuantificados
- Na elección de provedores, ten en conta a política que seguen no uso do plástico
- Os seus envases e embalaxes son reutilizables, reciclables ou compostables



## Resultados Categoría "Medio Ambiente"

Un primeiro achegamento á valoración da posición da empresa galega cara ao medio pódese realizar a través das **certificacións medioambientais** recollidas na variable B1. Neste sentido, vemos que un 67% das empresas do AGEC teñen implantada a Norma ISO 14001 de Xestión ambiental, o cal revela unha preocupación explícita, e que un 31% teñen unha certificación sectorial. Sen embargo, o resto de acreditacións apenas están implantadas: un 19% observan o *Regulamento EMAS de Ecoxestión*, un 15% a Norma ISO 50001, un 14% a *Ecolabel* o etiqueta equivalente, un 5% a Norma 14064/9 de Control de emisión de gases efecto invernadoiro, tamén un 5% o Protocolo *Green House Gas* e o 3% a *Declaración Ambiental de Producto*, mentres que ningunha das empresas participantes subscribiu a Norma ISO de Pegada hídrica ou o Certificado de Residuo Cero.

### Certificacións medioambientais



Por outra banda, unicamente un 32% das empresas participantes no AGEC manifesta **calcular o gasto anual en protección ambiental**. Conservas Friscos é a empresa que declara un importe superior de gasto sobre o total de facturación seguida de Corporación Hijos de Rivera. Un 43% calcula a emisión de gases efecto invernadoiro, un 30% dispón dun plan de redución aprobado polos seus órganos de goberno e nun 28% dos casos, ese plan está avalado por unha institución oficial.

**Cálculo en protección ambiental**



**32%**

A empresa calcula o gasto anual en protección ambiental, da biodiversidade e a paisaxe




**43%**

A empresa calcula a emisión de gases de efecto invernadoiro (GEI) derivada das súas actividades



**30%**

A empresa ten un plan aprobado para a mitigación dos gases de efecto invernadoiro que emite no desenvolvemento das súas actividades

Un 38% das empresas do AGEC declaran ter **reducido a emisión de gases efecto invernadoiro** durante 2019; en catro casos, esa redución foi superior ao 30% das emisións destacando os valores expresados por BorgWarner e Coreti. A metade das empresas declaran que parte da enerxía que precisan para o desenvolvemento das súas actividades procede de **fontes renovables**, cun recurso promedio do 35%. Deben subliñarse en especial os casos de Vithas Fátima, Bolton Food e Galicia Auto Estampación.

**Cálculo en protección ambiental**



**28%**

No caso de dispoñer dun plan de redución, está verificado por unha institución oficial ou sociedade certificadora



**35%**

A empresa utiliza enerxía procedente de fontes renovables

Respecto á **estratexia en torno ao plástico**, un 61% das empresas declara ter un plan de redución de plásticos non reciclables no seu proceso de produción, un 42% afirma ter en conta a política respecto do plástico á hora de seleccionar os seus provedores e un 78% manifesta ter implantado ou estar en proceso de implantar envases e embalaxes dun material alternativo ao plástico non reciclable.

## Estratexias de redución de plástico e uso de materiais reciclables






A análise e tratamento das realidades anteriores, permite distinguir as **empresas ou grupos do AGEC** que amosan un **maior Compromiso respecto ao Medio Ambiente** en Galicia tal como reflicte a listaxe con aquelas que alcanzan cando menos dúas estrelas:

| | Nome | Estrelas |
|---|---|---|
| 1. | Corporación Hijos de Rivera | ★★★★ |
| 2. | Inditex | ★★★★ |
| 3. | Hospital Povisa | ★★★ |
| 4. | Sogama | ★★★ |
| 5. | Borgwarner | ★★★ |
| 6. | Maier Ferroplast | ★★★ |
| 7. | Kiwi Atlántico | ★★ |
| 8. | Bolton Food | ★★ |
| 9. | Akwel | ★★ |
| 10. | Gadisa | ★★ |
| 11. | Grupo Lactalis Iberia | ★★ |
| 12. | Grupo Gestán | ★★ |
| 13. | Vithas Fátima | ★★ |
| 14. | Tejas Verea | ★★ |
| 15. | Grupo Calvo | ★★ |
| 16. | Conservas Friscos | ★★ |
| 17. | Grupo Servicio Móvil | ★★ |
| 18. | Congalsa | ★★ |
| 19. | Galicia Auto Estampación | ★★ |
| 20. | Coreti | ★★ |
| 21. | Emalcsa | ★★ |
| 22. | Nueva Pescanova | ★★ |



# CONTORNA

## Metodoloxía e resultados

# Atlas Galego da Empresa Comprometida

GALICIA SMART BUSINESS



## Categoría "Contorna"

O que en termos económicos chamamos "contorna", en termos explícitos habemos dicir Galicia. **Galicia é a nosa referencia**, o noso territorio, o noso ámbito, "o país". A evolución económica, social, medioambiental, tamén política, de Galicia terá un efecto directo sobre as súas empresas, sexan do sector que sexan. E igualmente, a actuación das empresas galegas terá un efecto inmediato sobre a economía e a sociedade galega. País e empresa están vencellados nunha íntima relación que non pode ser allea ás estratexias e xestión das organizacións con presenza en Galicia.

Co fin de avaliar o compromiso das empresas galegas respecto á súa "contorna", identificamos as seguintes **variables**:

**Contorna**

- **C1.** Peso provedores galegos
- **C2.** Peso persoal en Galicia
- **C3.** Participación social
- **C4.** Cultura e lingua autóctonas
- **C5.** Investigación e Desenvolvemento

### C1: Peso dos provedores galegos

Tómase a **participación de provedores locais** no fornecemento dos *inputs* da empresa. En concreto, aplícase a proporción que o número de provedores galegos ten sobre o total de provedores da empresa sobre un intervalo 0 – 4 segundo a fórmula: *(Número Provedores galegos / Total Provedores da Empresa) x 4.*

### C2 Peso do persoal en Galicia

Tómase como base o **total de traballadoras e traballadores non comerciais** (non dedicados á distribución e venda persoal), e considérase a porcentaxe das/os radicadas/os en Galicia tamén sobre un intervalo 0 – 4 segundo a fórmula: *(Número traballadoras-es non comerciais radicadas-os en Galicia / Total traballadoras-es non comerciais da empresa) x 4.*

## C3 Participación Social

Nivel de **implicación da empresa** respecto aos **principais axentes da sociedade civil** entendendo por tales universidades, ONGs, fundacións, clubs ou centros culturais e deportivos, asociacións cidadás e colexios profesionais. Avalíase esta Variable de 0 a 4 de acordo aos seguintes **atributos** dicotómicos:

- A empresa elaborou un mapa dos principais axentes da sociedade civil en Galicia e/ou nos municipios galegos onde ten presenza
- A empresa aplica un programa periódico de relación e organización de actividades con axentes da sociedade civil
- A empresa asinou acordos estratéxicos de colaboración con axentes da sociedade civil.
- A empresa habilita un orzamento periódico para o desenvolvemento de actividades compartidas con axentes da sociedade civil

## C4 Cultura e lingua autóctonas

A cultura e a lingua propias de Galicia representa outro **indicativo esencial** na **relación das empresas galegas coa súa contorna**. Novamente recorremos a atributos dicotómicos para avaliar esta Variable nun intervalo 0-4 segundo os seguintes parámetros:

- A empresa participa en programas de mecenado e/ou promoción vinculados á cultura propia de Galicia
- A empresa incorpora elementos da cultura galega á súa carteira de produtos e/ou servizos e na política de comunicación externa
- A empresa utiliza a lingua galega de maneira principal na publicidade e a comunicación externa da empresa (0,5 puntos se comunicación bilingüe)
- A empresa utiliza a lingua galega de maneira principal na etiquetaxe dos seus produtos e na prestación dos seus servizos (0,5 puntos se aplicación bilingüe)

## C5 Investigación e Desenvolvemento

A Investigación e Desenvolvemento, o chamado I+D, constitúe un elemento absolutamente transcendental para o progreso e a sustentabilidade dos países e as súas economías. Por iso a presenza desta variable no *Atlas* e dentro da categoría "Contorna". Definimos a Variable como o **investimento e o gasto corrente dedicado a I+D en relación á facturación total da empresa**. Inclúense os gastos en actividades de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico realizados dentro da unidade ou centro investigador da empresa; os gastos levados a cabo fóra do centro, pero en apoio das tarefas de I+D internas, tamén se inclúen. Súmanse os gastos do persoal afecto, outros gastos correntes e os gastos de capital.

A variable mídese en relación ao total facturado no exercicio nun intervalo 0 – 4 de acordo e coa fórmula seguinte: Ratio *"Gasto anual en I+D / Total facturación".* Entón tómase o máximo ratio do sector na mostra de empresas -1º díxito CNAE- e o seu valor será: *(Ratio empresa / Máximo ratio do sector na mostra de empresas) x 4.*

Xa que logo, ao igual que a Variable "Gasto en protección ambiental", tense en consideración a diferencia entre sectores de xeito que por tal motivo, na avaliación correspondente se comparan empresas de sectores similares.

## Resultados categoría "Contorna"

O compromiso coa contorna establécese principalmente mediante a análise do **papel que a empresa lle outorga á súa relación con Galicia**. Segundo a primeira variable contemplada na categoría, un 77% das empresas do AGEC manifesta ter relacións comerciais con provedores galegos, nun promedio do 44% do total da súa carteira de provedores. Hai dez empresas que declaran que cando menos un 80% dos seus provedores teñen a sede en Galicia subliñando en especial os casos de Arias Infraestructuras e Espina & Delfín.

**Relación das empresas con Galicia**



**77%**

Empresas que manteñen relacións con provedores galegos



**84%**

Porcentaxe de traballadores non comerciais radicados en Galicia sobre o total da plantilla

EDGalicia
economíaDigital

Por outra banda, as empresas do AGEC declaran que o 84% do seu persoal non comercial (media aritmética) se localiza en instalacións con domicilio en Galicia. Entre elas, 25 manifestan que o 100% do seu persoal non comercial está radicado en Galicia. No outro extremo, 7 empresas poñen de manifesto que menos do 50% do seu persoal non dedicado a vendas ou distribución está localizado en Galicia.

Consonte á relación das empresas do AGEC con institucións da sociedade civil, constátase que esta relación é frecuente e frutífera. En concreto:

- Un 44% das empresas realizou un mapa ou rexistro de institucións da sociedade civil a ter en consideración na súa política de comunicación e RSC
- Un 60% das empresas aplica un programa periódico de actividades con institucións da sociedade civil
- Un 67% das empresas asinou acordos estratéxicos con institucións da sociedade civil de Galicia
- Un 64% das empresas habilita un presuposto periódico para as actividades a levar a cabo conxuntamente con institucións da sociedade civil do país

## Relacións da empresa cos axentes sociais



Por outra parte, a **vinculación entre a empresa e a lingua e a cultura galegas** queda reflectida nos seguintes valores:

- Un 56% das empresas participa en programas de mecenado ou promoción de programas da cultura galega
- Un 49% das empresas incorpora elementos da cultura galega aos seus produtos, ao seu servizo ou á súa política de comunicación pública
- Unicamente o 8% das empresas teñen a lingua galega como o idioma principal na súa publicidade e comunicación externa namentres un 20% utiliza tanto o galego coma o castelán
- Unicamente o 7% das empresas teñen a lingua galega como o idioma principal no etiquetado dos seus produtos e na prestación dos seus servizos namentres un 18% utiliza tanto o galego coma o castelán nunha proporción similar




Por último dentro da **categoría "Contorna"**, anotamos que o **Gasto en Investigación e Desenvolvemento** das empresas do AGEC **varía notablemente**, como era de prever, entre empresas tanto do mesmo coma de distinto sector. En calquera caso, deben subliñarse os casos de **Coremain** e **Grupo Gestan** que declaran un gasto en I+D por encima do 10% da súa facturación respectiva.

A partir da análise das variables anteriores, detectamos as **empresas que merecen ser destacadas no AGEC** en relación ao seu **compromiso coa Contorna**. Incluímos aquelas con un mínimo de tres estrelas:

| | Nome | Estrelas |
|---|---|---|
| 1. | Grupo Gestán | ★★★★★ |
| 2. | Espina & Delfin | ★★★★ |
| 3. | Abanca | ★★★★ |
| 4. | Groupe PSA Centro de Vigo | ★★★★ |
| 5. | Teiga TMI | ★★★★ |
| 6. | Real Club Deportivo, S.A.D. | ★★★★ |
| 7. | Greenalia | ★★★★ |
| 8. | Vitrasa | ★★★★ |
| 9. | Borgwarner | ★★★★ |
| 10. | Grupo Fomento de Iniciativas | ★★★★ |
| 11. | Real Club Celta, S.A.D. | ★★★★ |
| 12. | Kaleido Ideas & Logistics | ★★★★ |
| 13. | Sogama | ★★★★ |
| 14. | Vegalsa - Eroski | ★★★★ |
| 15. | Conservas Friscos | ★★★★ |
| 16. | Gadisa | ★★★★ |
| 17. | Maier Ferroplast | ★★★ |
| 18. | Internaco | ★★★ |
| 19. | Hospital Povisa | ★★★ |
| 20. | Congalsa | ★★★ |
| 21. | Nodosa | ★★★ |
| 22. | Emalcsa | ★★★ |
| 23. | Sivsa | ★★★ |
| 24. | Corporación Hijos de Rivera | ★★★ |
| 25. | Kiwi Atlántico | ★★★ |
| 26. | Arias Infraestructuras | ★★★ |
| 27. | Vithas Fátima | ★★★ |
| 28. | Tejas Verea | ★★★ |

# PERSOAS

## Metodoloxía e resultados

# Atlas Galego da Empresa Comprometida

GALICIA SMART BUSINESS



## Categoría “Persoas”

As **persoas que forman parte de cada organización** son o colectivo directamente afectado polas políticas e a xestión da empresa. Ao mesmo tempo, son axentes activos desas políticas co cal a **relación Empresa – Persoal** debe entenderse máis como sinerxia que coma dependencia. Xa que logo, as persoas dunha empresa amosan ante esta unha tripla dimensión:

- Como receptores das políticas de persoal da empresa
- Como partícipe nas estratexias que a propia empresa deseña na súa relación coa comunidade
- E como parte desa mesma comunidade

A partir das anteriores consideracións, o AGEC selecciona as seguintes **variables** a fin de avaliar o compromiso das empresas en relación ás persoas que a compoñen.

| | |
|---|---|
| **Persoas** | **D1.** Incremento persoas ano |
| | **D2.** Gasto de persoal |
| | **D3.** Formación |
| | **D4.** Estabilidade |
| | **D5.** Igualdade |
| | **D6.** Persoas con discapacidade |



## D1: Incremento persoas ano

Medímolo como a **porcentaxe de crecemento de traballadoras/es contratadas/os no último ano** tendo en conta a suma de fixos máis temporais (a estabilidade do emprego mídese a través dunha variable diferente). Esta evolución extráese da fórmula *"(Número traballadores 2019 / Número traballadores 2018) – 1"*. Sepáranse os valores positivos dos negativos e cada serie trátase do modo seguinte:

- Para as empresas con valores positivos, tómase o máximo cociente da mostra de empresas e o valor será: *(Cociente empresa / Máximo cociente mostra de empresas) x 4*. O resultado oscilará entre 0 e 4.
- Para as empresas con valores negativos, tómase o mínimo cociente da mostra de empresas e o índice calcúlase da forma seguinte: *(Cociente empresa / Mínimo cociente mostra de empresas) x (-4)*. O resultado oscilará entre -4 e 0, isto é, penalízase a diminución de persoal.

## D2: Gasto persoal por empregado/a

Entendémolo como o **Gasto de Persoal** que figura na conta de resultados da empresa **en relación ao número de traballadores/as**. Esta partida inclúe os soldos e salarios, as achegas á Seguridade Social e o conxunto de beneficios sociais como formación, seguros ou bolsas. Canto maior sexa o gasto, enténdese que as/os traballadoras/es estarán máis motivados e maior será o seu compromiso.

O valor obtense a partir do cociente *"Gasto persoal 2019 / Número traballadores 2019)"*; tómase entón o máximo cociente da mostra de empresas e o índice será: *(Cociente empresa / Máximo cociente da mostra) x 4.*

## D3: Formación

Enténdese que a **Formación** supón unha condición indispensable para o completo desenvolvemento das/os traballadoras/es e un **indicador esencial do compromiso da empresa co crecemento persoal e profesional** das súas empregadas e dos seus empregados.

Tómase o número de horas totais de formación (presencial e online) dedicadas na empresa por empregado e calcúlase o cociente obtido de dividir o número total de horas de formación entre o número total de tra-

balladoras/es. Obtense entón o máximo cociente da mostra e o resultado será: *(Cociente empresa / Máximo cociente mostra de empresas) x 4.*

## D4: Estabilidade

Enténdese por **"Estabilidade"** o peso dos **contratos fixos a tempo completo** sobre o total de contratos na empresa. Non se consideran, por tanto, os contratos temporais e os contratos a tempo parcial. O resultado desta variable sae da porcentaxe de contratos fixos a tempo completo sobre o total traballadoras/es contratadas/os multiplicado por 4.

## D5: Igualdade

Para a elaboración do AGEC considerouse que a preocupación da empresa pola **igualdade de xénero** na organización e na toma de decisións debe ser un **eixo nas políticas de dirección do persoal**. Identificáronse **cinco atributos** dicotómicos para a avaliación desta variable:

- Existe un obxectivo na política de persoal da empresa para equilibrar a distribución de sexos nos seus órganos de goberno
- Existe na empresa un plan ou programa de igualdade dirixido a identificar e eliminar casos de discriminación laboral por motivo de xénero
- Coñécese a retribución media por categorías laborais en función do xénero dos traballadores/as e realízase un seguimento das posibles desigualdades
- Ten establecidas a empresa medidas para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar
- Ten un plan para fomentar o teletraballo de forma voluntaria

## D6: Persoas con discapacidade

Por último, igualmente entendeuse como variable positiva a aplicación dunha **política de integración de persoas con discapacidade**. A tal efecto, estableceuse o ratio entre o número de persoas con algún tipo de discapacidade contratadas pola empresa entre o total de traballadoras/es. Tómase entón o maior ratio da mostra de empresas e a medida será: *(Ratio empresa / Máximo ratio mostra) x 4.*

## Resultados da categoría "Persoas"

Na primeira variable que se considera nesta categoría, o **incremento neto das persoas contratadas** entre 2019 e 2018, obsérvase un crecemento promedio do 6,31% coa seguinte distribución de empresas:

### Incremento neto de persoas contratadas




As empresas do AGEC que observan unha maior creación de emprego neto son Greenalia e Inveravante.

Respecto ao **Gasto do persoal por número de traballadores/as**, as empresas do AGEC presentan un valor medio de 35.350 euros anuais, coa seguinte distribución:

### Gasto de persoal por traballador/a



Consonte ás **horas de formación por traballador/a**, compróbase a falta de dedicación dalgunhas empresas á mellora profesional do seu persoal. A media aritmética de horas formativas por persoa nas empresas do AGEC (19,4) semella reducida. Esta é a súa distribución:

### Horas de formación




As empresas do AGEC que mellores números amosan nesta variable, segundo as súas propias declaracións, son Espina & Delfín, DomusVi e Wind1000, nos tres casos por riba das 100 horas por traballador no ano.

Atendendo agora á **estabilidade no emprego** como nova variable vinculada ao compromiso das empresas respecto ás persoas que traballan no seo da súa organización, calculamos unha porcentaxe media de contratos fixos a tempo completo do 82%, coa seguinte distribución:

### Estabilidade das plantillas



Como penúltima variable do estudo, contemplamos a proporción de **traballadores/as con algunha discapacidade** recoñecida sobre o total do persoal. O promedio resulta ser un 2,86% coa seguinte distribución:

### Integración de persoal con discapacidade




En integración, destacan absolutamente os casos de R.C. Deportivo e DomusVi, con altos valores tamén para Eleko Galicia, Oversea Atlantic Fish e Gesuga, por riba do 5% de persoal con discapacidade.

Finalizamos coa variable de **Igualdade e conciliación**, que nos achega os datos seguintes: un 58% das empresas contan cun plan para equilibrar a proporción de xénero nos seus órganos de goberno; o 70% das empresas do AGEC dispoñen dun plan para detectar e eliminar as discriminacións laborais por razón de xénero; o 53% realiza un seguimento e comunica as posibles desigualdades salariais por categoría e xénero; un 80% ten un programa de medidas para facilitar a conciliación laboral e, por último, un 45% dispón dun plan de fomento do teletraballo ao cal as persoas da organización se poidan acoller con carácter voluntario.



A avaliación conxunta das variables anteriores ofrécenos como resultado a identificación das empresas ou grupos de empresas cun maior compromiso cara ás persoas que conforman cadansúas organizacións. Listamos as que obteñen cando menos 3 estrelas.

| | Nome | Estrelas |
|---|---|---|
| 1. | DomusVi | ★★★★★ |
| 2. | Abanca | ★★★★★ |
| 3. | Wind1000 Services | ★★★★ |
| 4. | Inveravante | ★★★★ |
| 5. | Cofrico | ★★★★ |
| 6. | Borgwarner | ★★★★ |
| 7. | Espina & Delfin | ★★★★ |
| 8. | Eleko Galicia | ★★★ |
| 9. | GKN Driveline | ★★★ |
| 10. | Teiga TMI | ★★★ |
| 11. | Greenalia | ★★★ |
| 12. | Real Club Deportivo, S.A.D. | ★★★ |
| 13. | Corporación Hijos de Rivera | ★★★ |
| 14. | Grupo Calvo | ★★★ |
| 15. | Vitrasa | ★★★ |
| 16. | Hospital Povisa | ★★★ |
| 17. | Akwel | ★★★ |
| 18. | Maier Ferroplast | ★★★ |
| 19. | Groupe PSA Centro de Vigo | ★★★ |
| 20. | Congalsa | ★★★ |
| 21. | Grupo Servicio Móvil | ★★★ |
| 22. | Arias Infraestructuras | ★★★ |
| 23. | Internaco | ★★★ |
| 24. | Gesuga | ★★★ |
| 25. | Grupo Gestán | ★★★ |
| 26. | Sivsa | ★★★ |
| 27. | Copasa | ★★★ |

# Análise das empresas participantes

## Abanca

**Valoración:**

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★★★ |
| Medio ambiente | ★☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★★★☆ |
| Persoas | ★★★★★ |

**www.abanca.com**

**Sector:** 6419 - Outra intermediación monetaria

**Sede:** A Coruña **Ingresos:** 911.000.000 € **Plantilla:** 6.033

## Akwel

**Valoración:**

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★★☆☆☆ |
| Contorna | ☆☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.akwel-automotive.com**

**Sector:** 2932 - Fab. outros compoñentes, pezas e acces. para vehículos motor

**Sede:** Vigo **Ingresos:** 102.749.423 € **Plantilla:** 382

## Arias Infraestructuras

**Valoración:**

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★★☆☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.ariasinfraestructuras.com**

**Sector:** 4121 - Construción de edificios residenciais

**Sede:** A Coruña **Ingresos:** 20.903.963 € **Plantilla:** 133

## Bograo

**Valoración:**

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ☆☆☆☆☆ |
| Persoas | ★☆☆☆☆ |

**www.bograo.com**

**Sector:** 1091 - Fabricación prod. para a alimentación de animais de granxa

**Sede:** Vedra **Ingresos:** 23.783.829 € **Plantilla:** 22

## Bolton Food España

| Valoración: | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★☆☆ |
| Medio ambiente | ★★☆☆☆ |
| Contorna | ★★☆☆☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.isabel.net**

**Sector:** 1022 - Fabricación de conservas de pescado

**Sede:** O Grove **Ingresos:** 201.832.000 € **Plantilla:** 517

## Borgwarner

| Valoración: | |
|---|---|
| Bo goberno | ★☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★★★☆☆ |
| Contorna | ★★★★☆ |
| Persoas | ★★★★☆ |

**www.borgwarner.com**

**Sector:** 2932 - Fab. outros compoñentes, pezas e acces. para vehículos motor

**Sede:** Vigo **Ingresos:** 124.303.000 € **Plantilla:** 608

## Cofrico

| Valoración: | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ★☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★★★☆ |

**www.cofrico.com**

**Sector:** 4322 - Fontanaría, instalac. stmas. calefacción e aire acondicionado

**Sede:** Bergondo **Ingresos:** 24.103.000 € **Plantilla:** 168

## Congalsa

| Valoración: | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★★☆ |
| Medio ambiente | ★★☆☆☆ |
| Contorna | ★★★☆☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.congalsa.com**

**Sector:** 4638 - Comercio ao por maior pescados,mariscos e outros prod. alimentic.

**Sede:** A Pobra do Caramiñal **Ingresos:** 82.931.000 € **Plantilla:** 313

## Conservas Friscos

Valoración:

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★★☆☆☆ |
| Contorna | ★★★★☆ |
| Persoas | ★☆☆☆☆ |

**www.friscos.es**

**Sector:** 1022 - Fabricación de conservas de pescado

**Sede:** Catoira **Ingresos:** 42.298.137 € **Plantilla:** 117

## Copasa

Valoración:

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★☆☆☆☆ |
| Contorna | ★☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.copasagroup.com**

**Sector:** 4212 - Construción de vías férreas de superficie e subterráneas

**Sede:** Ourense **Ingresos:** 314.127.309 € **Plantilla:** 1.537

## Coremain

Valoración:

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★☆☆☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.coremain.com**

**Sector:** 6202 - Actividades de consultoría informática

**Sede:** Santiago **Ingresos:** 15.823.000 € **Plantilla:** 407

## Coreti

Valoración:

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★☆☆ |
| Medio ambiente | ★★☆☆☆ |
| Contorna | ★★☆☆☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.coreti.com**

**Sector:** 1729 - Fabricación de outros artículos de papel e cartón

**Sede:** Bergondo **Ingresos:** 18.080.211 € **Plantilla:** 113

## Corporación Hijos de Rivera

Valoración:

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★☆☆ |
| Medio ambiente | ★★★★☆ |
| Contorna | ★★★☆☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.corporacionhijosderivera.com**

**Sector:** 1105 - Fabricación de cervexa

**Sede:** A Coruña **Ingresos:** 565.000.000 € **Plantilla:** 1.200

## Coterena

Valoración:

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ★☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.coterena.es**

**Sector:** 3315 - Reparación e mantemento naval

**Sede:** Vigo **Ingresos:** 17.149.166 € **Plantilla:** 53

## DomusVi

Valoración:

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★☆☆ |
| Medio ambiente | ★☆☆☆☆ |
| Contorna | ☆☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★★★★ |

**www.domusvi.es**

**Sector:** 8731 - Asistencia en establec. residenciais para persoas maiores

**Sede:** Vigo **Ingresos:** 165.640.324 € **Plantilla:** 2.727

## Eleko Galicia

Valoración:

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★☆☆ |
| Medio ambiente | ★☆☆☆☆ |
| Contorna | ★☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.eleko.es**

**Sector:** 4669 - Comercio ao por maior doutra maquinaria e equipo

**Sede:** A Coruña **Ingresos:** 17.431.720 € **Plantilla:** 67

## Emalcsa

Valoración:

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★★☆☆☆ |
| Contorna | ★★★☆☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.emalcsa.es**

**Sector:** 3600 - Captación, depuración e distribución de auga

**Sede:** A Coruña **Ingresos:** 29.841.000 € **Plantilla:** 117

## Espina & Delfín

Valoración:

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★★★☆ |
| Persoas | ★★★★☆ |

**www.espinaydelfin.com**

**Sector:** 4291 - Obras hidráulicas

**Sede:** Santiago **Ingresos:** 41.839.000 € **Plantilla:** 335

## Gadisa

Valoración:

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★★☆ |
| Medio ambiente | ★★☆☆☆ |
| Contorna | ★★★★☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.gadisa.es**

**Sector:** 4639 - Comercio ao por maior, non especializ., prod. alimen., bebidas e tabaco

**Sede:** Betanzos **Ingresos:** 1.228.500.000 € **Plantilla:** 7.645

## Galicia Auto Estampación

Valoración:

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★★☆☆☆ |
| Contorna | ★★☆☆☆ |
| Persoas | ★☆☆☆☆ |

**www.ipmrubi.com**

**Sector:** 2550 - Forxa, estampac. e embutición de metais, metalurxia de polvos

**Sede:** Ribadavia **Ingresos:** 20.429.191 € **Plantilla:** 60

## Gesuga

| Valoración: | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★★☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ☆☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.gesuga.com**

**Sector:** 3822 - Tratamento e eliminación de residuos perigosos

**Sede:** Cerceda **Ingresos:** 15.895.000 € **Plantilla:** 74

## GKN Driveline

| Valoración: | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ★☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.gknautomotive.com**

**Sector:** 2932 - Fab. outros compoñentes, pezas e acces. para vehículos motor

**Sede:** Vigo **Ingresos:** 189.245.896 € **Plantilla:** 826

## Gonzacar

| Valoración: | |
|---|---|
| Bo goberno | ★☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ☆☆☆☆☆ |
| Persoas | ★☆☆☆☆ |

**www.gonzacar.com**

**Sector:** 4511 - Venta de automóbiles e vehículos de motor lixeiros

**Sede:** Santiago **Ingresos:** 42.110.000 € **Plantilla:** 132

## Greenalia

| Valoración: | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★★☆ |
| Medio ambiente | ★☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★★★☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.greenalia.es**

**Sector:** 0220 - Explotación da madeira

**Sede:** A Coruña **Ingresos:** 40.291.149 € **Plantilla:** 57

## Groupe PSA Centro de Vigo

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★☆☆ |
| Medio ambiente | ★☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★★★☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.site.groupe-psa.com/vigo**

**Sector:** 2910 - Fabricación de vehículos de motor

**Sede:** Vigo **Ingresos:** 5.105.283.756 € **Plantilla:** 7.574

## Grupo Calvo

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★★☆ |
| Medio ambiente | ★★☆☆☆ |
| Contorna | ★☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.grupocalvo.com**

**Sector:** 1022 - Fabricación de conservas de pescado

**Sede:** Carballo **Ingresos:** 593.300.000 € **Plantilla:** 4.548

## Grupo Fomento de Iniciativas

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★★★☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.figrupo.com**

**Sector:** 4121 - Construción de edificios residenciais

**Sede:** A Coruña **Ingresos:** 33.727.000 € **Plantilla:** 136

## Grupo Gestán

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★★☆☆☆ |
| Contorna | ★★★★★ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.grupogestan.com**

**Sector:** 3821 - Tratamento e eliminación de residuos non perigosos

**Sede:** Carballo **Ingresos:** 23.300.000 € **Plantilla:** 104

## Grupo Lactalis Iberia

Valoración:

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★★☆☆☆ |
| Contorna | ★☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.lactalis.es**

**Sector:** 4633 - Comercio ao por maior prod. lácteos, ovos, aceites e grasas comest.

**Sede:** Vilalba **Ingresos:** 1.261.000.000 € **Plantilla:** 1.800

## Grupo Servicio Móvil

Valoración:

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★☆☆ |
| Medio ambiente | ★★☆☆☆ |
| Contorna | ★☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.serviciomovil.com**

**Sector:** 5210 - Depósito e almacenamento

**Sede:** As Pontes **Ingresos:** 48.277.533 € **Plantilla:** 740

## Hispaplasti

Valoración:

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★☆☆☆☆ |
| Contorna | ☆☆☆☆☆ |
| Persoas | ☆☆☆☆☆ |

**www.hispaplasti.com**

**Sector:** 2229 - Fabricación de outros produtos de plástico

**Sede:** Pereiro de Aguiar **Ingresos:** 12.130.185 € **Plantilla:** 76

## Hospital Povisa

Valoración:

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★☆☆ |
| Medio ambiente | ★★★☆☆ |
| Contorna | ★★★☆☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.povisa.es**

**Sector:** 8610 - Actividades hospitalarias

**Sede:** Vigo **Ingresos:** 103.841.000 € **Plantilla:** 1.455

## Inditex

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★★★ |
| Medio ambiente | ★★★★☆ |
| Contorna | ★★☆☆☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.inditex.com**

**Sector:** 4642 - Comercio ao por maior de prendas de vestir e calzado

**Sede:** Arteixo **Ingresos:** 28.286.000.000 € **Plantilla:** 176.611

## Internaco

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ☆☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★★☆☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.internaco.com**

**Sector:** 4661 - Comercio ao por maior maquinaria, equipos e suministros agrícolas

**Sede:** Ordes **Ingresos:** 53.046.696 € **Plantilla:** 131

## Inveravante

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★☆☆☆ |
| Persoas | ★★★★☆ |

**www.inveravante.com**

**Sector:** 6420 - Actividades das sociedades holding

**Sede:** A Coruña **Ingresos:** 200.234.000 € **Plantilla:** 1.037

## Kaleido Logistics

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★★★☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.kaleidologistics.com**

**Sector:** 5222 - Activ. anexas transporte marítimo e por vías navegables int.

**Sede:** Vigo **Ingresos:** 33.859.726 € **Plantilla:** 106

## Kiwi Atlántico

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ★☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★★☆☆☆ |
| Contorna | ★★★☆☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.kiwiatlantico.com**

**Sector:** 4631 - Comercio ao por maior de froitas e hortalizas

**Sede:** Ribadumia | **Ingresos:** 22.730.321 € | **Plantilla:** 104

## Krack Zapaterías

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ★☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ☆☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.krackonline.com**

**Sector:** 4772 - Comercio ao por menor de calzado e artículos de coiro

**Sede:** Pontevedra | **Ingresos:** 22.192.193 € | **Plantilla:** 163

## Luckia Gaming Group

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ☆☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.luckiagaminggroup.com**

**Sector:** 9200 - Actividades de xogos de azar e apostas

**Sede:** A Coruña | **Ingresos:** 564.301.000 € | **Plantilla:** 2.583

## Maier Ferroplast

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ★☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★★★☆☆ |
| Contorna | ★★★☆☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.maier.es**

**Sector:** 2229 - Fabricación de outros produtos de plástico

**Sede:** O Porriño | **Ingresos:** 32.342.000 € | **Plantilla:** 268

## Maviva Logística y Gestión

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ★☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ☆☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.grupomaviva.es**

**Sector:** 5210 - Depósito e almacenamento

**Sede:** Vigo **Ingresos:** 17.740.000 € **Plantilla:** 253

## Nodosa

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★★☆☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.nodosa.com**

**Sector:** 3011 - Construción de barcos e estruturas flotantes

**Sede:** Bueu **Ingresos:** 55.993.776 € **Plantilla:** 127

## Nueva Pescanova

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★★☆ |
| Medio ambiente | ★★☆☆☆ |
| Contorna | ☆☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.nuevapescanova.com**

**Sector:** 4638 - Comercio ao por maior pescados, mariscos e outros prod. alimentic.

**Sede:** Vigo **Ingresos:** 1.056.757.000 € **Plantilla:** 10.512

## Oversea Atlantic Fish

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ☆☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ★☆☆☆☆ |
| Persoas | ☆☆☆☆☆ |

**www.oversea.es**

**Sector:** 4638 - Comercio ao por maior pescados, mariscos e outros prod. alimentic.

**Sede:** Vigo **Ingresos:** 21.306.254 € **Plantilla:** 12

## Pescados Rubén

| Valoración: | |
| --- | --- |
| Bo goberno | ★☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ☆☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.pescadosruben.com**

**Sector:** 4638 - Comercio ao por maior pescados, mariscos e outros prod. alimentic.

**Sede:** Foz **Ingresos:** 54.223.337 € **Plantilla:** 99

## Progando

| Valoración: | |
| --- | --- |
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★☆☆☆ |
| Persoas | ★☆☆☆☆ |

**www.progando.es**

**Sector:** 1091 - Fabricación prod. para a alimentación de animais de granxa

**Sede:** Arteixo **Ingresos:** 35.086.996 € **Plantilla:** 55

## Real Club Deportivo, S.A.D.

| Valoración: | |
| --- | --- |
| Bo goberno | ★★★★☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★★★☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.rcdeportivo.es**

**Sector:** 9312 - Actividades dos clubes deportivos

**Sede:** A Coruña **Ingresos:** 18.764.927 € **Plantilla:** 97

## Real Club Celta, S.A.D.

| Valoración: | |
| --- | --- |
| Bo goberno | ★★★☆☆ |
| Medio ambiente | ★☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★★★☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.rccelta.es**

**Sector:** 9312 - Actividades dos clubes deportivos

**Sede:** Vigo **Ingresos:** 105.239.340 € **Plantilla:** 76

## SIVSA

| Valoración: | |
|---|---|
| Bo goberno | ★☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★★☆☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.sivsa.com**

**Sector:** 6201 - Actividades de programación informática

**Sede:** Vigo **Ingresos:** 11.111.606 € **Plantilla:** 221

## Sogama

| Valoración: | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★★☆ |
| Medio ambiente | ★★★☆☆ |
| Contorna | ★★★★☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.sogama.gal**

**Sector:** 3821 - Tratamento e eliminación de residuos non perigosos

**Sede:** Cerceda **Ingresos:** 114.395.421 € **Plantilla:** 22

## Sutega

| Valoración: | |
|---|---|
| Bo goberno | ★☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ★☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.sutega.com**

**Sector:** 4759 - Comercio ao por menor mobles, aparatos ilumin., artíc. uso domést.

**Sede:** A Coruña **Ingresos:** 28.184.165 € **Plantilla:** 80

## TeigaTmi

| Valoración: | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★★★☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.teigatmi.com**

**Sector:** 4321 - Instalacións eléctricas

**Sede:** A Coruña **Ingresos:** 16.120.724 € **Plantilla:** 138

## Tejas Verea

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★★☆☆☆ |
| Contorna | ★★★☆☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.tejasverea.com**

**Sector:** 2332 - Fab. ladrillos, tellas e prod. de terras cocidas para a construción

**Sede:** Mesía **Ingresos:** 9.171.712 € **Plantilla:** 53

## Torre de Núñez de Conturiz

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★☆☆☆ |
| Persoas | ★☆☆☆☆ |

**www.torredenunez.com**

**Sector:** 1013 - Elaboración de produtos cárnicos e de volatería

**Sede:** Lugo **Ingresos:** 24.598.035 € **Plantilla:** 103

## Unifersa 2006

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ☆☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ★☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.unifersa.es**

**Sector:** 4674 - Comercio ao por maior de ferraxería, fontanaría e calefacción

**Sede:** Fene **Ingresos:** 24.667.813 € **Plantilla:** 24

## Vegalsa Eroski

| | Valoración: |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★★★☆ |
| Persoas | ★★☆☆☆ |

**www.vegalsa.es**

**Sector:** 4711 - Minoristas establ. non espec. con predominio produtos alimentic.

**Sede:** A Coruña **Ingresos:** 958.728.000 € **Plantilla:** 4.987

## Vidisco

**Valoración:**

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★☆☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ☆☆☆☆☆ |
| Persoas | ☆☆☆☆☆ |

**www.vidisco.com**

**Sector:** 5610 - Restaurantes e postos de comidas

**Sede:** Vigo **Ingresos:** 18.353.811 € **Plantilla:** 179

## Vitrasa

**Valoración:**

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ☆☆☆☆☆ |
| Contorna | ★★★★☆ |
| Persoas | ★★★☆☆ |

**www.vitrasa.es**

**Sector:** 4931 - Transporte terrestre urbano e suburbano de pasaxeiros

**Sede:** Vigo **Ingresos:** 28.068.596 € **Plantilla:** 356

## Vithas Fátima

**Valoración:**

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★☆☆☆ |
| Medio ambiente | ★★☆☆☆ |
| Contorna | ★★★☆☆ |
| Persoas | ☆☆☆☆☆ |

**www.vithas.es/Vigo-Pontevedra**

**Sector:** 8610 - Actividades hospitalarias

**Sede:** Vigo **Ingresos:** 29.713.000 € **Plantilla:** 291

## WIND1000 Services

**Valoración:**

| | |
|---|---|
| Bo goberno | ★★★☆☆ |
| Medio ambiente | ★☆☆☆☆ |
| Contorna | ★☆☆☆☆ |
| Persoas | ★★★★☆ |

**www.wind1000.com**

**Sector:** 4321 - Instalacións eléctricas

**Sede:** Santiago **Ingresos:** 11.814.889 € **Plantilla:** 142

EDGalicia
economíaDigital
galicia.economiadigital.es

# Atlas Galego da Empresa Comprometida

GALICIA SMART BUSINESS

**PATROCINADORES GALICIA SMART BUSINESS:**